

PRESENTACIÓN - CONCERTO >>

Voces de mulleres silenciadas da historia a través do libro A MEMORIA DO SILENCIO de **Eva Mejuto** e a música de **Su Garrido Pombo**.

Xoves, 7 de marzo
08:40h IES Xograr Afonso Gómez
11:30h IES Gregorio Fernández



EXPOSICIÓN ESQUECIDAS >>

Un percorrido pola Sarria en feminino que rende homenaxe ás traballadoras do agro, traballadoras da vila, pioneiras, ensinantes, represaliadas...

Inclúe visita guiada a cargo de **María Xesús López Escudeiro, coordinadora do Programa Vivas e Visibles*

Do 7 ao 17 de marzo
IES Xograr Afonso Gómez

Do 18 ao 31 de marzo
IES Gregorio Fernández



OBRADOIRO DE DANZA CONTEMPORÁNEA PARA A IGUALDADE >>

A cargo **Xiana Vilas**. Titulada en Danza e doutora en Psicoloxía. Actualmente traballa como docente e coreógrafa no Conservatorio de Danza de Lugo e no Espazo de danza da Universidade de Santiago de Compostela. É coreógrafa e interprete da Cia Cisma, e tamén participa como bailarina e coreógrafa noutros proxectos con música en directo como Herdeiras ou Zoar Ensemble.



Venres, 15 de marzo
09:30h Colexio da Merced
12:00h Colexio da Asunción

Xoves, 28 de marzo
09:30h CEIP Antonio Fernández López

Venres, 29 de marzo
08:45h CEIP Frei Luís de Granada

II CARREIRA DA MULLER · Vivas e Visibles

Sábado, 9 de marzo
18:00h Paseo do Malecón



MARZO, mes da MULLER

**vivas e
visibles**



2019



OLLARES DE LIBERDADE >>

Homenaxe ás Mulleres da Comarca de Sarria

A través de persoas como **Pura García Hevia, Amable Alonso, Palmira Díaz Gallego, Teresa López Méndez, Violeta Bernardo, Pilar García, Marité Guillade** ou **Concha López**, entre outras, o programa **Vivas e Visibles** quere contribuír a visibilizar a todas aquelas mulleres da comarca que racharon moldes que a sociedade construíra para elas, na procura dunha liberdade que lles permitiu exercer diferentes oficios.

Domingo, 10 de marzo
19:00h Casa da Cultura




Lucía Durán

ENCONTRO SOBRE VIOLENCIA MACHISTA E MEDIOS DE COMUNICACIÓN >>

Venres, 22 de marzo
20:00h Casa da Cultura

ELISA BENI

Xornalista. Colaboradora de opinión en La Sexta "Más Vale Tarde" e "La Sexta Noche", Antena 3 "Espejo Público", Telemadrid, TV3, ETB, Onda Cero "Julia en la Onda" e columnista de eldiario.es e elnacional.cat



FERNANDA TABARÉS

Xornalista. Dirixiu V Televisión e o programa de actualidade "Vía V". Na actualidade é directora da produtora Voz Audiovisual e en 2013 foi galardoada co Premio Mestre Mateo á Mellor Comunicadora.



ANA CASANOVA

Xornalista. No ano 2000 incorpórase ao plantel do diario El Progreso, formando parte das seccións informativas de suplementos, local e, principalmente, sucesos e tribunais. Desde 2006 exerce como delegada deste medio en Sarria e a súa comarca.



LAURA LÓPEZ

Xornalista. Desde 2006 traballa en La Voz de Galicia cubrindo a información das delegacións de Sarria, Monforte de Lemos, Ferrol, Carballo, Viveiro e Ribeira. Desde 2011 traballa na delegación de La Voz de Galicia en Lugo.



Como cada mes de marzo, desde o ano 2017, o programa marco **Vivas e Visibles**, destinado a promover o coñecemento e a visibilidade da historia das mulleres da comarca, intensifica a súa actividade de cara á celebración do Día Internacional da Muller.

Durante estes anos, foron moitas as iniciativas destinadas a pór en valor a aportación das mulleres á historia da humanidade, de Galicia e de Sarria. A través de exposicións, video fóruns, conferencias, charlas, debates, presentacións de libros, teatro, concertos e actividades nos centros de ensino, **Vivas e Visibles** púxolle voz ás silenciadas, esquecidas, represaliadas, labregas, mestras, resistentes, obreiras, innovadoras, creadoras... e homenaxeou a unha das galegas que máis traballou polo país na emigración: a sarriá Yolanda Díaz Gallego.

A edición de 2019 vén cargada de novas iniciativas para seguir aprofundando na visibilización social das mulleres, cun programa que agora tedes nas vosas mans, e en cuxas actividades vos animo a participar activamente.

Mónica López

Concelleira de Cultura e Igualdade

 /vivasevisibles

 **Sarria**
Cultura e Igualdade